



Concello
de Nigrán

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS



O presente anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción do recargo correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e 69 e seguintes do RD 939/2005 de 29 de xullo que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos en calquera entidade bancaria. Para elo bastará con que cubra o impreso de domiciliación que se lle facilitará nas Oficinas Xerais do Concello e na paxina web: www.forcarei.net

Forcarei, 11 de abril do 2014. — A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta.

2014003565

* * *

A ILLA DE AROUSA

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 28 de marzo de 2014, acordou a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización da Área de Reparto nº 57 do PXOM, o que en cumprimento do disposto no artigo 110.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, faise público, ós efectos oportunos.

Na Illa de Arousa, a 07 de abril de 2014. — O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez.

2014003555

* * *

NIGRÁN

Aprobada definitivamente a modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de duchas e lavapés ao non terse presentado ningunha reclamación durante o período de exposición ao público da mesma (según anuncios publicados no BOP número 32, do día 17.02.14; no xornal "Faro de Vigo" do día 26.02.14, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello). Cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza fiscal citada (coa modificación aprobada):

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DUCHAS E LAVAPÉS.

ARTIGO 1. — FUNDAMENTO E NATUREZA.

Facendo uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, TRLRFL), o Concello de Nigrán establece a taxa pola prestación do servizo de duchas e lavapés en praias, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. — FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa, a utilización das duchas e lavapés en diversas praias do Concello.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que utilicen as duchas ou os lavapés.

ARTIGO 4. – NORMAS DE XESTIÓN.

Tendo en conta o feito impoñible da taxa, e dado que as duchas e lavapés funcionan mediante tarxetas precargables, esixírase o depósito previo do importe total da taxa.

ARTIGO 5. – CUOTA TRIBUTARIA.

Cada segundo de utilización das duchas e lavapés terá un importe de 0,000833 euros; cun importe de cada tarxeta de 2,00 euros e cargada con 20 minutos; as recargas de cada tarxeta poderanse efectuar para os minutos e polos importes que se indican:

| MINUTOS | EUROS |
|---------|-------|
| 10,00 | 0,50 |
| 20,00 | 1,00 |
| 40,00 | 2,00 |

ARTIGO 6. – BENEFICIOS FISCAIS.

Non se concederá nengunha exención nen bonificación na exacción da taxa regulada nesta ordenanza fiscal.

ARTIGO 7. – INFRACCIONS E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no Título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

DISPOSICIONS FINAIS.

1ª. – Para o non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na Lei 58/2003, xeral tributaria e disposicións que a desenvolvan, e na restante normativa de aplicación segundo a materia.

2ª. – Esta ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Nigrán, 8 de abril de 2014. – O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2014003560

Aprobada definitivamente a derogación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Nigrán ao non terse presentado ningunha reclamación durante o período de exposición ao público da mesma (según anuncios publicados no BOP número 32, do día 17.02.14; no xornal "Faro de Vigo" do día 26.02.14, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello). Cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise pública a derogación da ordenanza fiscal citada; estando en vigor actualmente o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra número 220, do día 15.11.13.

Nigrán, 8 de abril de 2014. – O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2014003559